

Instrución VII/2006 pola que se crea o formulario "Orde de aboamento"

A [Orde de aboamento](#) é o formulario que servirá para documentar aquelas transferencias monetarias a terceiros cando non exista a obriga de utilizar un documento ordinario de pagamento (facturas, axudas de custo, billetes, etc.)

O [formulario electrónico da Orde de aboamento](#) permanecerá na páxina web do [Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería](#), de onde se poderá cumprimentar en liña.

A numeración asignada automaticamente ao documento será empregada en e-SICUS como número de factura.

USOS HABITUAIS:

Entre os casos máis habituais nos que se poderá utilizar a [Orde de aboamento](#) están os seguintes:

- Transferencias nominativas que figuren aprobadas no orzamento da Universidade.
- Subvencións, cando na convocatoria ou na resolución de concesión non se especifique a utilización doutro tipo de documentos.
- Transferencias por conta de terceiros, nas que a USC fai un papel principalmente de intermediario, sen prexuízo da necesidade de control ou xustificación. Entre estas:
 - Indemnizacións por viaxes cando os beneficiarios e os importes veñen determinados polo organismo outorgante da axuda.
- Pagamentos que veñen regulamentados por unha normativa específica, cando non existe unha maneira máis directa de documentalos (exemplo: abono de regalías de patentes aos inventores).
- Pagamento de premios.
- Transferencias a outros organismos ou entidades de axudas recibidas pola USC, cando esta actúa como coordinadora, e na resolución de concesión ven establecido os importes e beneficiarios dos demais socios.

USOS NON PERMITIDOS:

En ningún caso se utilizará para documentar pagamentos que respondan a contraprestacións de calquera tipo.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:

O presente formulario unicamente pretende recoller os datos imprescindibles para facer o pagamento, unificando na medida do posible todos os utilizados na Universidade. Non obstante, non ten carácter xustificativo, polo que sempre deberá acompañarse da documentación (resolución, convocatoria, etc) que xustifique plenamente a operación que se realiza, ou ben facer referencia a esta cando se trate de normas publicadas.

VARIANTES DO FORMULARIO:

Este formulario ten os contidos imprescindibles mínimos e servirá como referencia básica. Non obstante poderanse ampliar os campos necesarios para que a operación que se realice quede o mellor explicada posible.

Por este motivo, autorízase a que os servizos e unidades que o precisen modifiquen o seu deseño, ou automaticen a súa emisión utilizando outras ferramentas, mantendo sempre o seu contido mínimo. Para estes efectos, considérase que o formulario existente para o pagamento a colaboradores externos é unha variante da orde de aboamento.

ENLACES WEB:

[Web do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría](#)

[Formulario de orde de aboamento.](#)

[Manual de axuda para cubrir o formulario](#)

Santiago de Compostela, a 18 de outubro de 2006
O Xerente,
Pedro García Moreno